

## XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 7 DE FEBREIRO DE 2020

### Acórdase/apróbase por asentimento<sup>1</sup>:

1. A acta da reunión ordinaria do día 19 de decembro de 2019.
2. Manter os límites de prazas no Grao en Dereito (50) e no Plan conxunto de Estudos ADE-Dereito (10) para o curso académico 2020-2021 e remitir o correspondente escrito xustificativo á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado e á Delegada territorial da Xunta en Ourense para o seu traslado á Consellería de Educación e á Secretaría Xeral de Universidades.
3. A PDA –para o Grao en Dereito e o Plan Conxunto de Estudos ADE-Dereito- para o curso 2020/2021.
4. A listaxe priorizada de Departamentos susceptibles de asumir os encargos docentes de cada materia para o curso 2020/2021 e o escrito de motivación correspondente.
5. A oferta de materias optativas do Grao en Dereito para o curso 2020/2021 e os procedementos de preinscripción e matrícula correspondentes.
6. Manter a designación da Prof. Dra. Francisca Fernández Prol como Coordinadora do Grao en Dereito para o curso académico 2020/2021 e a non designación das coordinacións de curso, de conformidade co previsto na memoria de verificación da titulación.
7. Incluír na coordinación da materia “Traballo fin de grao” á Prof. Dra. Belén Sánchez Ramos e na coordinación da materia “Prácticas externas” ao Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez.
8. A distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2019/2020.
9. A ampliación da data de entrega de actas do TFG da convocatoria de xullo no calendario académico da Facultade para o presente curso académico 2019-2020 (21 de setembro de 2020).
10. A memoria económica do orzamento da Facultade correspondente ao exercicio 2019.
11. Os criterios de reparto das contías a asignar ás áreas xurídicas no orzamento da Facultade de Dereito (número de créditos das materias de formación básica e obrigatorias e número de persoal investigador a tempo completo adscrito ao centro).
12. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
  - a) A aprobación da PDA do Mestrado universitario en avogacía para o curso 2020/2021.

- b) A aprobación do calendario de elaboración das guías docentes do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía para o curso 2020/2021.
- c) As modificacións que, no seu caso, procedan no límite de prazas no Grao en Dereito, na PDA correspondente e na distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso académico 2020/2021.
- d) A modificación do procedemento de matrícula das materias optativas se fose necesario polas convocatorias internas da universidade.
- e) A aprobación do calendario académico da Facultade para o curso 2020/2021.
- f) A avaliación e, no seu caso, a inclusión na programación de extensión universitaria do centro das solicitudes que se presenten á convocatoria de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural para o ano 2020.
- g) A aprobación do Informe de Revisión do Sistema pola dirección correspondente ao curso académico 2018-2019.
- h) A designación dos representantes da Facultade para a Comisión de avaliación das axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense (INOEU).

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 7 de febreiro de 2020, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 10 de febreiro de 2020.

A Secretaria da Facultade de Dereito  
Asinado dixitalmente  
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato